



## **A APDR SOLICITA UNHA ENTREVISTA COA MINISTRA ROSA AGUILAR.**

A Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) ven de solicitar unha entrevista á Ministra de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino para falar sobre a situación ambiental da bisbarra e a problemática do complexo ENCE-ELNOSA.

No seu escrito, a APDR faille saber á Ministra a preocupación que causaron no seo da asociación e na poboación da comarca pontevedresa as súas recentes declaracións sobre a aplicación da Lei de Costas, unhas declaracións nas que se deixaba entrever a posibilidade de prorrogar a concesión de ENCE máis alá do 2018. De acordo co recollido nos medios de comunicación, falaba Rosa Aguilar de que para a aplicación da Lei de Costas ás industrias afectadas habería que analizar cada caso concreto, insistindo no caso de ENCE sobre a “necesidade de estudar as circunstancias que o rodean, os pros e contras do seu desmantelamento”, antes de decidir a prórroga ou non da concesión nos terreos de dominio público marítimo-terrestre que ocupa desde hai 50 anos na Ría de Pontevedra. Ofrecíase a Ministra a “colaborar coa empresa e a buscar unha solución diante do fin da concesión”, e falaba tamén de que “o goberno analizaría o estado dos terreos ocupados polo complexo industrial antes de tomar unha decisión”.

Ao tempo ENCE confirma que está a buscar rasquizos legais que abran a porta á súa permanencia en Lourizán e que mantén contactos tanto coa administración central como coa Xunta de Galicia para negociar esta continuidade mais alá do 2018.

A calquera que teña seguido de cerca os distintos avatares do caso ENCE-ELNOSA estas informacións terán que soarlle coñecidas; por forza soaranlle a un novo intento das administracións por solucionar o problema de ENCE-ELNOSA en contra dos intereses da inmensa maioría da poboación, en contra da recuperación da Ría, do medio ambiente, dos recursos marisqueiros e pesqueiros e en contra da economía e da calidade de vida na comarca; todo indica que unha vez mais, lonxe de facer cumprir a Lei, trátase de buscar subterfuxios para solucionar os problemas daqueles que desde hai 50 anos veñen incumpríndoa. E houbo xa moitos intentos por conseguir a permanencia definitiva de ENCE-ELNOSA na enseada de Lourizán.

Por eso non nos pode tranquilizar que Rosa Aguilar insista logo en que o Ministerio é partidario do traslado de ENCE fóra do dominio público e da recuperación ambiental da zona para a súa integración nun entorno mais natural. Non nos tranquilizan estas palabras cando se pronuncian no contexto que vimos de describir. E moito menos nos pode tranquilizar o Sr Louro cando asegura que a Ministra descarta ampliar a concesión a ENCE, unhas declaracións cunha clara compoñente electoral. Na APDR estamos afeitos á mudanza de posicións neste tema, a que as forzas políticas digan unhas cousas cando están en campaña e fagan outras ben diferentes cando ocupan algún cargo nas distintas administracións.

Para a APDR, que non busca solucionarlle o problema a ENCE ou a ELNOSA, que só loita pola recuperación da Ría, polo saneamento que permita desenvolver un modelo económico sustentábel no tempo e quen de crear postos de traballo derivados da explotación racional dos recursos naturais e turísticos, só hai unha solución: o fin inmediato e definitivo da actividade do complexo no seu actual emprazamento e, como primeira medida, a NON RENOVACIÓN das Autorizacións Ambientais Integradas outorgadas de forma irregular polo goberno bipartito da Xunta, pois daquela, como agora, nin ENCE nin ELNOSA cumprían a lexislación vixente.

Pontevedra, 1 de abril de 2011

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR.